



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO MUSICAL CARBALLIÑO 2022

EXPEDIENTE: 553/2022

Antecedentes.

1. A Asociación Unión Cultural de Meaño presenta memoria explicativa da organización da convivencia musical Meaño-Carballiño 2022 que se desenvolverá os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2022, para o que solicitan unha axuda de 1.500,00 €.

2. A informadora xuvenil e o director da Escola municipal de música de Meaño emiten informe-proposta na que se xustifica a existencia de razóns de interese público e social para a concesión directa dunha axuda por importe de 1.500,00 €, dado o carácter puntual e excepcional desta actividade, que dificulta a convocatoria pública dunha subvención.

3. En virtude da providencia ditada pola Alcaldía, incorpóranse ao expediente informe da secretaria-interventora, informe de fiscalización, retención de crédito e borrador de convenio de colaboración, como instrumento para canalizar a subvención proposta.

Fundamentos xurídicos.

1º.- Ao abeiro do artigo 22.2 c), da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa, *“Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.”*

2º.- Segundo sinala o artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a resolución de concesión e, non seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvención establecerán as condicións e compromisos aplicables.

A vista do expediente de subvención tramitado, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, RESOLVE:

1º.- Outorgar á ASOCIACIÓN UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO (CIF G36143857) unha subvención directa por importe de 1.500,00 € para a organización do campamento musical Carballiño 2022, que se desenvolverá do día 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2022, para financiar gastos vinculados ao desenvolvemento desta actividade.

2º.- Aprobar o **CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE MEAÑO (NIF P3602700A) E A ASOCIACIÓN UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO (CIF**





Concello de Meaño

G36143857) QUE TEN POR OBXECTO ARTICULAR A CONCESIÓN DIRECTA, AO ABEIRO DO ARTIGO 22.2.C) DA LEY 38/2003, DE 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCÍONS, DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO MUSICAL CARBALLIÑO 2022.

En Meaño,

PARTICIPAN:

Dunha parte, D. Carlos Viéitez Fernández, con DNI nº ****3097*****, actuando en nome e representación do Concello de Meaño, na súa calidade de alcalde, en virtude das facultades representativas que lle atribúe a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, D^a Olga Pérez Sanmartín, con DNI nº ****8141*****, quen ratifica súa calidade de presidenta da Asociación Unión Musical de Meaño a vez que manifesta que a mesma se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local e que non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Asiste como fedataria pública D^a M^a Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora do Concello de Meaño.

Actúan ambos coa representación que legal e regulamentariamente teñen concedida, recoñecendo reciprocamente os asinantes do presente documento plena capacidade para á firma do presente CONVENIO e para o efecto

EXPOÑEN:

Que o Concello de Meaño desenvolve como unhas das súas competencias a promoción da cultura, de acordo co previsto no artigo 25.2..m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local e no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O Concello de Meaño apoia todas aquelas iniciativas conducentes ao desenvolvemento de accións que contribúan a promoción, conservación e difusión da nosa cultura e a afección á música así como o mantemento e potenciación daquelas actividades culturais que impliquen a promoción do Concello de Meaño e, en xeral, das distintas manifestacións artísticas.

A Asociación Cultural Banda Unión Musical de Meaño, que ten como fin social a promoción da cultura, da música e da igualdade e o Concello de Meaño coinciden no obxectivo da divulgación e recoñecemento dos valores da práctica musical e cultural e a súa promoción entre a cativada e a mocidade así como da poboación en xeral do municipio, como amosa a colaboración que ámbalas dúas partes veñen desenvolvendo neste eido dende hai anos.

Esta iniciativa víñase desenvolvendo polo Concello de Meaño a través da escola de música, e





Concello de Meaño

por motivos derivados da imposibilidade de conciliar a vida familiar e laboral dos mestres da escola de música e da insuficiencia de medios persoais dos que dispón o Concello de Meaño para organizar e desenvolver a convivencia durante os días de duración da mesma, é polo que a Asociación Cultural Unión Musical de Meaño recolle a iniciativa da realización da Convivencia Musical Carballiño 2022, co obxectivo de seguir a fomentar e promover cultura e a música, entre os músicos das Bandas Infantil e Xuvenil así como todo o alumnado da escola de música, desde a convivencia no respecto mutuo e a igualdade; polo que esta actividade se encadra no marco das iniciativas do Concello de Meaño para a promoción cultural, musical e o fomento da convivencia en igualdade.

Dado o carácter puntual e excepcional desta actividade, que dificulta a convocatoria pública dunha subvención e as acreditadas razóns de interese público, social e económico do mesmo, é polo que se articula o presente convenio, que ten por finalidade canalizar a concesión directa, ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dunha subvención á Federación Galega de Ciclismo para a organización das etapas Ruta do Albariño.

Segundo a regulación contida nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público, son convenios de colaboración os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privados para acadar un fin común, que contribúan a realización de actividades de utilidade pública ou interese xeral.

CLAÚSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO. O presente convenio ten por obxecto establecer as base de colaboración económica entre o Concello de Meaño e a ASOCIACIÓN UNIÓN MUSICAL DE MEAÑO (CIF G36143857), para a organización do campamento musical Carballiño 2022.

SEGUNDA.- SUBVENCIÓN E FINALIDADE. O importe da subvención ascende a 1.500,00 €, e serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000.

A devandita axuda será destina ao financiamento de gastos da organización do campamento musical Carballiño 2022, que se desenvolverá do día 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2022.

TERCEIRA- COMPROMISOS.

A Asociación Unión Musical de Meaño comprométes a:

- 1) Realizar a actividade subvencionada, segundo a normativa en vigor en materia de persoal, seguridade dos participantes, responsabilidade ante participante e terceiros, etc.)
- 2) Desenvolver a actividade segundo os datos de programación da solicitude, comunicando as variacións que puideran xurdir.
- 3) Contar con seguro de responsabilidade civil e accidentes.
- 4) Someterse as actuacións de comprobación que respecto a xestión dos fondos outorgados poda facer o Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, aportando canta información sexa requirida no exercicio de súas actuacións.





Concello de Meaño

4) A facer a debida publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño de forma clara e inequívoca; incluíndo o logotipo do Concello de Meaño en tamaño suficientemente visible en toda a publicidade en formato físico e dar conta de esponsorización nas publicacións que se poidan levar a cabo en emisoras de radio, televisión ou similiar.

5) O desenvolvemento desta actividade será por conta e risco da Asociación Unión Musical de Meaño, de tal xeito que ao Concello de Meaño non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos, danos ou feitos acaecidos no desenvolvemento desta actividade.

6) Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede subvención.

7) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, coa xustificación da aplicación dada aos fondos.

8) Acreditación ante o Concello de ter realizado o pago dos gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria. Esta acreditación deberá efectuarse no prazo de 5 días hábiles desde a precepción da axuda. O incumprimento deste compromiso dará lugar a tramitación do correspondente expediente de reintegro da axuda concedida.

O Concello de Meaño comprométese a colaborar economicamente segundo se sinala na cláusula SEGUNDA.


CUARTA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

QUINTA. LIBRAMENTO DA AXUDA. FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PRAZOS

Para percibir a subvención a Asociación Unión Musical de Meaño deberá presentar a seguinte documentación por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Meaño:

- * Memoria xustificativa da actividade.
- * Factura/as ou documento equivalente, indicando concepto e importe, conformada pola presidenta da asociación.
- * Certificación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Facenda do Estado, Facenda da Comunidade Autónoma e fronte á Seguridade Social).
- * Conta xustificativa do gasto, segundo Anexo II que se achega.
- * Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.
- * Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e accidentes e ao corrente do seu pago.
- * Xustificación da publicidade onde figure a colaboración por parte do Concello de Meaño con





Concello de Meaño

escudo do Concello e texto Concello de Meaño.

Si a documentación presentada non reúne os requisitos esixidos requirirase á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, se terá por desistida a petición de libramento de fondos correspondentes á axuda concedida, e se arquivará previa resolución dictada nos termos do artigo 21 da citada norma.

O prazo de xustificación será de 30 días naturais a contar a partir da celebración desta actividade. De non xustificarse antes de ditas datas perderase o dereito a esixila.

SEXTA.- RESPONSABILIDADES

Asociación Unión Musical de Meaño queda sometida á responsabilidade e ao réxime sancionador establecido no artigo 40 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais así como no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o cumprimento do presente convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada pola concelleira de educación, cultura, deporte, ocio e tempo libre, un/unha empregada pública do Concello de Meaño e a presidenta da Asociación Unión Musical de Meaño.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, de se-lo caso, arbitra-los mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

OTAVA.- REVOGACIÓN

O Concello de Meaño poderá revogar as axudas previstas neste convenio nos seguintes casos:

- Non reunir os requisitos legalmente establecidos para acadar a condición de beneficiario de axudas e subvencións públicas.
- Obtención da subvención falseando as condicións requeridas para elo ou ocultando aquelas que o impedian.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade a subvencionar.
- Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- Non asinar o convenio no prazo sinalado polo Concello.

O incumprimento de calquera das cláusulas do Convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

NOVENA.- VIXENCIA

A vixencia do presente Convenio será de dous meses, a contar desde o día da súa sinatura.

DÉCIMA.- NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa e elaborase no marco Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do R.D.





Concello de Meaño

887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; rexéndose polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola lexislación sinalada. Será competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMA PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención articulada no mesmo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e publicado no portal de transparencia do Concello de Meaño, autorizando expresamente os asinantes a publicación dos seus datos persoais.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións.

En proba de conformidade os participantes asinan dixitalmente o presente Convenio.

3º.- Aprobalo gasto derivado deste Convenio, que ascende a 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 do Orzamento Municipal prorrogado 2021.

4º.- Remitir o presente convenio a Base de Datos Nacional de Subvencións e notificalo aos beneficiarios para a súa sinatura.

Manda e asina o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, ante a secretaria-interventora D^a M^a Teresa Escudero Barral, que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

